

INFORME DA OFERTA DE CARACTER DESPROPORCIONADO OU TEMERARIO

SERVIZO: TRABALLOS DE REDACCIÓN DOS PROXECTOS CONSTRUTIVOS, DA COORDINACIÓN EN SEGURIDADE E SAÚDE E DE DIRECCIÓN DE OBRA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE SENDAS PEONÍS EN DIFERENTES PARROQUIAS DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN. LOTE 1.

CONCELLO: BOQUEIXÓN

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE DO 21% EXCLUIDO): 46085,53 €

EMPRESA LICITADORA: PROYESTEGAL S.L.

OFERTA SEN IVE: 36500,00 €

% BAIXA: 20,80%

D. Ignacio José Alonso Díaz, Enxeñeiro Técnico Agrícola, Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, pertencente á empresa Estudio Técnico Gallego S.A., a requirimento do Concello de Boqueixón, realiza a análise da documentación presentada pola empresa PROYESTEGAL S.L., a efectos de xustificación da oferta desproporcionada ou anormal.

Segundo o punto 4 do artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, establece que as empresas incisas en presunción de anormalidade xustifiquen e desglosen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou dos custes, ou calquera outro parámetro.

Tamén deberán xustificar si as condicións da oferta son susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custes da mesma, e en particular dos seguintes valores: o aforro do procedemento ou método; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables que dispoña; a innovación ou orixinalidade das propostas; o respecto das obrigas medioambientais, sociais ou laborais e de subcontratación; a posible obtención dunha axuda do estado.

Analizando cada argumento presentado pola empresa licitadora, as consecuencias ou efectos en que poden derivar as xustificacións para a redución de prezo aportadas son:

A redución de custos en man de obra cabe interpretalo de dúas maneiras, primeiro a optimización de rendementos e segundo o axuste do prezo da hora de traballo. No primeiro caso pode ocasionar unha execución das distintas unidades de obra de maneira pouco coidada, e que polo tanto termine afectando á calidade final do conxunto do servizo. No segundo caso, optimizar o prezo en exceso pode ter como consecuencia directa a precarización do traballo.

A utilización de medios materiais en propiedade, xa amortizados ou ben dispoñibles, non deben redundar nun menor custo, pois a parte do valor de reposición, hai que ter en conta os moitos e variados custes asociados (polo que deberían detallarse con gran precisión e contido) que teñen forte incidencia á hora de cuantificar estes equipos.

Respecto á experiencia, solvencia técnica e económica, xa é condición indispensable para o procedemento, esixíndose mediante a clasificación empresarial ou as solvencias técnicas para optar ó contrato, condición que tamén compren o resto de licitadores admitidos no procedemento.

En calquera caso, considerase que ditas reducións non son un aforro producido por un procedemento ou método; non ven dado por unha solución a adoptar ou condición técnica excepcionalmente favorable de que disponga a empresa para executar o servizo; tampouco é consecuencia de innovación ou orixinalidade algunha nas solucións construtivas propostas nin do cumprimento de obrigações ambiental, social ou laboral algunha, e por último, tampouco se trata dunha axuda do Estado.

En xeral está a suceder nas licitacións de obras e servizos públicos que imprescindible necesidade de contratación do sector con motivo da permanencia no mercado e mantemento da actividade, obriga á redución e en teoría optimización de prezos. Esta tendencia provoca a licitación por debaixo do custo da execución, risco que ten como consecuencia directa a perda da solvencia económica das empresas, que poden nun servizo tras outro acumular perdas que as fagan inviables e incapaces de financiarse, aumentando con elo o risco de non cumprimento do contrato.

Polo exposto, proponse desestimar a xustificación presentada pola empresa licitadora no relativo á oferta desproporcionada ou temeraria de acordo co Prego de Cláusulas Administrativas.